



BIBLIOTECAS ESCOLARES ABERTAS

PARA UNHA APRENDIZAXE FLEXIBLE

Á vista das necesidades observadas durante o período de suspensión da actividade educativa presencial a partir do 14 de marzo de 2020 (por mor do estado de alarma), e trala resposta ofrecida polas bibliotecas escolares galegas para facer fronte á situación educativa creada, cómpre iniciar un período de reflexión por parte dos axentes implicados no desenvolvemento dos programas de bibliotecas escolares e fomento da lectura (equipos de bibliotecas escolares e Asesoría de bibliotecas escolares, especialmente).

Recollemos algúns dos principios da aprendizaxe flexible¹ que están na base das fórmulas educativas que poden dar resposta ás necesidades xurdidas nesta nova situación, e que interpelan ás bibliotecas escolares directamente:

- *Ofrecer á comunidade educativa opcións sobre onde, cando e como sucede a aprendizaxe, proporcionando unha variedade de recursos.*
- *Facilitar ao alumnado opcións de aprendizaxe múltiple, cunha metodoloxía construtivista na que asumen máis responsabilidades (aprender a aprender, autonomía persoal).*
- *Procurar unha formación permanente no dixital e seguir ofertando aos usuarios lectura e acceso á información.*

Pensamos que é importante *correr en sentido contrario*, deternos e observar o noso traballo neste escenario (tamén desde a distancia precisa para ser obxectivos).

As bibliotecas como centros creativos das aprendizaxes e viveiros de cidadanía poden ofrecer respostas cando:

- *O alumnado e o profesorado debe interactuar dende a casa; imponse o virtual fronte ao presencial.*
- *As familias con menos recursos poden ter dificultades para enfrontar os retos da educación a distancia.*
- *O alumnado en situación máis desfavorecida (por causas diversas) tende a distanciarse do ámbito educativo, auto-excluíndose do grupo e da institución escolar.*
- *As recomendacións sanitarias obrigan a manter a distancia física e algunhas medidas de hixiene básica na volta ás aulas e á vida social.*

¹ <https://iite.unesco.org/news/handbook-on-facilitating-flexible-learning-during-educational-disruption/> Existe una versión en portugués accesible [aquí](#)



Desde a Asesoría de bibliotecas escolares propónse unha valoración/reflexión en 4 fases:

1. Analizar os servizos virtuais ofertados durante a suspensión da actividade docente presencial:

- Ofertamos apoio e servizo á comunidade: alumnado, profesorado, familias?
- Empregamos ferramentas accesibles para o noso alumnado? (*Coñecidas e traballadas previamente, con garantías mínimas en relación coa protección da imaxe, datos dos menores...*).
- Aportamos recursos adecuados para unha biblioteca escolar? (*Licenzas abertas, respecto ás autorías, calidade e relevancia dos contidos ...*)
- Promovemos actividades de forma eficiente? (*Significativas, dosificadas, relacionadas con outras propostas de profesorado do centro...*).
- Contribuímos, pola contra, a aumentar a difusión e a dispersión? (*Cun exceso de propostas, plataformas ou ferramentas non consensuadas*).
- Houbo interacción por parte do alumnado e das familias? (*Sería bo valorar a porcentaxe de alumnado do centro que participou activamente nos retos, propostas... como indicador do feedback recibido*).
- Recolléronse e difundíronse as producións do alumnado e as familias?
- Procuramos a colaboración con outros axentes educativos? (*Equipos docentes, ANPAs, concellos, bibliotecas públicas...*).
- A comunicación foi eficaz? Que medios empregamos maioritariamente?
- Contribuíron as propostas e recursos da biblioteca a facilitar ao alumnado avances na adquisición de competencias e habilidades contempladas no currículo?
- De que modo se mide esta contribución (*de que modo se avalía*)?

2. Valorar a implicación e participación da comunidade educativa: profesorado, alumnado, equipo directivo, familias (segundo a tipoloxía de centros) nas propostas da biblioteca escolar:

Sector	Valoración de menor a maior implicación e participación					
Alumnado	0	1	2	3	4	5
Profesorado	0	1	2	3	4	5
Equipo directivo	0	1	2	3	4	5
Familias	0	1	2	3	4	5

3. Identificar cales das actividades propostas neste período deben manterse ou adaptarse no futuro.

- Pola súa pertinencia
- Polos resultados obtidos até o momento
- Pola súa “significatividade”



4. Revisar as liñas prioritarias cara ao curso 2020-2021.

Dúas ideas forza a ter en conta:

1. A biblioteca escolar como centro creativo de aprendizaxes e viveiro de cidadanía (de forma significativa en momentos complexos).

Os equipos poden deseñar protocolos para poñer en valor todos os seus recursos (colección, espazos, equipamentos e actividades, así como o propio equipo docente) en momentos que esixan afrontar novos retos, de medidas especiais de prevención e actividade non presencial, parcial ou total.

A BE segue a ser ese “espazo de encontro” e “espazo de acompañamento na lectura e no tratamento da información” (tamén mediante ferramentas virtuais de videoconferencia que permiten a apertura da BE en horarios determinados, con profesorado de garda, con posibilidade de reunirse, de “quedar” na biblioteca, de favorecer encontros entre o alumnado de distintas idades ou cursos... que fan posible manter o asesoramento individual ou grupal, a organización de clubs de lectura, de xuntanzas, de calquera acto social...).

2. Alfabetización mediática e informacional da comunidade educativa.

As Bibliotecas escolares poden precisar dunha revisión da súa colección, centrada na necesidade de reforzar o seu carácter híbrido, e de deseñar programas urxentes de alfabetización mediática e informacional para o alumnado e outros membros da comunidade escolar.

Outros aspectos a ter en conta:

- Retomar actividades ou proxectos non executados ou rematados no curso 2019/20.
- Valorar a viabilidade das actividades presenciais planificadas anualmente, ou a súa reestruturación e adaptación.
- Determinar a posibilidade de modificar e adaptar as actividades que non se podan facer de forma presencial.
- Determinar e definir que actividades das realizadas durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial se manterán.
- Deseñar novas actividades tanto presenciais como virtuais.
- Potenciar a adquisición de recursos dixitais.
- Identificar as necesidades en materia de cultura dixital de alumnado e familias.



- Avanzar un protocolo de apertura e uso (persoal dispoñible, horario de apertura da biblioteca con supervisión do equipo, número de usuarios simultáneos na mesma franxa horaria, desinfección do espazo e dos materiais, medidas a ter en conta para os préstamos, as devolucións, iniciativas que deben adaptarse ou modificar, rutinas nas que cómpre instruír...), tendo en conta as medidas sanitarias que recomenden ou establezan as autoridades competentes.

- Desinfección inicial do espazo.
- Dispensadores de solución hidro-alcohólica ou xabón antiséptico.
- Calendario de uso e agrupamentos que garanta o distanciamento de seguridade recomendado.
- Corentena de 14 días para os materiais prestados antes de volver aos andeis (recomendación actual do *Consejo de Cooperación Bibliotecaria*).

- Consensuar este protocolo co resto do equipo docente e difundilo entre a comunidade educativa (necesidade de revisar a formación de usuarios).

O uso desta proposta é totalmente voluntario para os equipos de biblioteca. Recoméndase que, unha vez realizada, o resultado desta reflexión e tralo consenso de todo o equipo de biblioteca, se incorpore á memoria do curso 2019/2020 e que sirva, así mesmo, como guieiro na elaboración das liñas prioritarias para o curso 2020/2021.

O equipo da Asesoría valora e agradece profundamente os esforzos e a profesionalidade demostrados para manter as nosas bibliotecas escolares abertas e activas durante todo este tempo.